

ANEXOS

ANEXO I: RESOLUCIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DO POUADOIRO EN VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

Promotor: Fundiciones Rey, S.L.

Órgano substantivo: Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

Expediente: 2019AAE2379

Código web: 2242/2019

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Proxecto sectorial do parque empresarial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta do 07.07.2004 (DOG núm. 171, 20.09.2004).
2. O día 20.09.2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación do Proxecto sectorial do parque empresarial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 24.09.2019 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de 45 días hábiles, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica e realizando as consultas ás administracións públicas afectadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia establece que os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal serán obxecto de avaliación ambiental cando así o decida o órgano ambiental mediante “decisión” motivada, pública e axustada aos criterios establecidos polo anexo II da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
2. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas. Na sección 2ª do capítulo I (Título II) regúlase a tramitación do procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica, que substitúe ao antigo procedemento administrativo de “decisión” regulado na citada Lei 9/2006, de 28 de abril.
3. O artigo 31.2. da Lei 21/2013 establece que órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico -no prazo de catro meses contados desde a recepción da solicitude de inicio- tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderá determinarse que o plan ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación

Ámbito de actuación e superficie: terreos incluídos no parque empresarial do Pousadoiro situado a uns 2,5 km do núcleo de Vilagarcía de Arousa, na parroquia de Cea, no límite co concello de Caldas de Rei, lindeiro coa estrada PO-305 Saiar (N-640) – Vilagarcía (N-640).

Ven identificado no *Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia* aprobado polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, como ámbito en funcionamento. O parque abrangue unha superficie total de 210.749 m², dos cales 122.005 m² corresponden a parcelas de uso industrial.

O proxecto sectorial establece tres tipos de parcelas en función do seu tamaño (tipo A, B e C). Actualmente atópase consolidado cerca do 75%, permanecendo libres de edificación dúas parcelas tipo A e dúas tipo B que son obxecto desta modificación puntual.



	INFRAESTRUCTURAS (DEPOSITO)
	EQUIPAMENTOS
	APARCAMENTOS
	ZONA VERDE
	ZONA VERDE
	RED VIARIA
PARCELAS	
	PARCELAS DE 1.000 m ² a 6.000 m ² (Tipo A)
	PARCELAS DE 6.000 m ² a 20.000 m ² (Tipo B)
	PARCELAS DE MAS DE 20.000 m ² (Tipo C)

Ordenación do parque empresarial e situación actual do ámbito sobre ortofoto.





Obxecto: incrementar a altura máxima establecida nas ordenanzas reguladoras do proxecto sectorial aprobado para favorecer a consolidación das parcelas baleiras.

A xustificación desta modificación baséase en que actualmente non se permite construír naveas industriais superiores a 11 metros, o que supón un impedimento para a concesión de licenzas a determinadas actividades produtivas que precisan de alturas maiores polo seu propio proceso. Nesta situación atópanse a empresa de *Fundiciones Rey* que necesita unha altura ao redor dos 16 metros para encaixar a localización dunhas novas instalacións no polígono, nunha parcela de superficie de 8.000 m².

Proposta: modificar o artigo 41 das Ordenanzas reguladoras da zona industrial, de maneira que se modifica a altura máxima pasando de 11 a 16 m, nos ámbitos tipo A e B onde quedan parcelas baleiras. Mantéñense o resto de condicións relativas á ocupación máxima e edificabilidade.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O parque empresarial do Pousadoiro correspóndese cunha área industrial en funcionamento, que alberga diferentes empresas relacionadas co sector metal, naval e de papel e cartón. Sinalar que o proxecto sectorial polo que se desenvolveu foi sometido ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Sitúase nunha zona de monte, cuxos terreos foron alterados para a construción da área industrial e atópase rodeada de masas forestais (fundamentalmente de eucalipto) e por algunhas parcelas ocupadas por matogueira e prado. Polo sur limita coa estrada PO-305, a través da cal se accede ao parque.

Os terreos afectados pola Modificación correspóndense coas parcelas sen ocupar incluídas na categorías tipo A e B, que se localizan na zona oeste e central do parque. As parcelas onde se pretende levar a cabo a actividade de función que promove a modificación puntual correspóndense coas parcelas nº 15 e 16 situadas ao oeste do parque.

Segundo o *Catálogo das paisaxes de Galicia*, o ámbito sitúase na grande área paisaxística das “Rías Baixas”, na comarca paisaxística “Umia-O Salnés”, pero non afecta a ningunha área de interese paisaxística aínda que na contorna localízanse varios miradoiros recollidos neste Catálogo. Segundo a cartografía asociada, parte do ámbito (parcelas situadas mais ao leste) contarían cunha visibilidade alta.

Nin no ámbito, nin na contorna próxima se localiza ningún espazo natural protexido. Sinalar que, o extremo occidental do parque insírese no ámbito territorial do *Plan de ordenación do litoral de Galicia*, coincidindo cun espazo de interese (de protección de ladeira), pero ao tratarse de solo urbano consolidado non resultaría de aplicación.

En canto ao patrimonio cultural a zona central do sector é lindeiro co conxunto do Pazo de San Antonio de Pousadoiro. Así mesmo, na contorna localízanse as mámoas de Pousadoiro 1,2 e 3, cuxo contorno de protección afecta á parte leste do parque.

3. Período de consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do Instituto de Estudos do Territorio, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, cuxas observacións resúmense a continuación.





Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Entende xustificada a modificación da altura máxima correspondente ás parcelas nas que se vai a levar a cabo a actividade prevista polo promotor (tipo B) e a súa extensión ás da mesma ordenanza, polo que non formula obxeccións ao respecto. Porén, non entende axeitado estender a altura máxima de 16 m ás parcelas tipo A (a maioría de dimensións en torno aos 1000 m²) para as que resulta mais axeitada a altura máxima dos 11 m actuais de cara o mantemento da proporción correcta entre a largura e a dimensión das parcelas coa altura das edificacións. Debe terse en conta que a maioría deste tipo de parcelas están xa edificadas, restando vacantes as mais próximas ao ben patrimonial do Pazo de Pousadoiro coa que estrema o ámbito o que, sen prexuízo do informe en materia de patrimonio cultural, desaconsella o incremento do volume na súa contorna.

Así mesmo, atendendo ás afeccións territoriais da modificación, sinala os organismos que deberán ser consultados na súa tramitación.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Informa da afección parcial do ámbito polo contorno de protección de dous bens catalogados: o conxunto pazo de Santo Antonio de Pousadoiro (composto polo pazo, cruceiro, capela, hórreos, xardíns e muros) e as mámoas do Pousadoiro 1,2 e 3, ambos incluídos no catálogo do PXOM de Vilagarcía de Arousa.

Alude á obrigatoriedade de que os instrumentos de planeamento conteñan un Catálogo no que se prevegan as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos elementos patrimoniais e ao cumprimento da determinación 9.3 das *Directrices de ordenación do territorio* sobre a necesidade de que as actuacións no territorio sexan compatibles cos bens do patrimonio cultural afectados.

En relación á modificación do proxecto sectorial proposta, considera que o aumento de 5 m na altura máxima permitida para as edificacións da zona industrial suporía un impacto sobre o pazo de Santo Antonio. A afección non se limita á contemplación do ben, senón que supón un aumento da presión urbanística no seu entorno mais inmediato. A percepción do conxunto edificado, da súa escala, dos seus espazos, tanto construídos como baleiros, e mesmo o seu disfrute, veranse minguados polo crecemento en altura das naves, se ben xa se atopa afectado polo polígono existente. Considera que aínda que se procuren solucións construtivas novidosas ou que poidan disimular en certo modo o incremento de altura, este se acumula á incidencia do polígono existente. Así, deberase procurar que o aumento de altura das construcións se materialice tan afastado do pazo como sexa posible para tratar de non afectar ao contorno mais inmediato do ben catalogado polo crecemento das edificacións mais próximas, xerando unha zona de amortecemento o mais espazosa posible.

Instituto de Estudos do Territorio

Sinala que a proposta non altera a zonificación do parque, nin o viario, nin o resto de parámetros das ordenanzas do proxecto sectorial. Considera que a modificación non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que mudará o carácter da paisaxe do parque e a incidencia visual provocada pola aparición previsible de varias naves dunha altura de 16 m non será elevada.

Conclúe que a modificación puntual non provocará un impacto paisaxístico significativo.

Axencia Galega de Infraestruturas

Informa de que a estrada autonómica PO-305 Saiar-Vilagarcía discorre no ámbito ao que se refire o proxecto. Xunta os criterios de ordenación xerais precisos para o mantemento da seguridade viaria e protección do dominio público viario. Alude a que na documentación non se recollen as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica, se ben a día de hoxe non hai declaradas servidumes acústicas, nin a estrada PO-305 foi incluída nos mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixes viarios. Sinala que para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas





autónomas -previo á licencia municipal- deberá realizarse os estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables e o establecemento das limitacións á edificabilidade ou obrigatoriedade de dispoñer dos medios de protección necesarios. Finalmente sinala que o documento deberá adaptarse á normativa sectorial indicada no informe.

Dirección Xeral de Mobilidade

Considera que a proposta non alterará a zonificación actual e á mobilidade, xa que non se amplía o ámbito nin o número de empresas asentadas neste, polo que estima que desde as súas competencias non hai ningunha consideración que realizar.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Informa que non é previsible que as actuacións comprendidas na modificación teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental da súa competencia.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A modificación pretende favorecer a implantación de novas actividades no parque empresarial, flexibilizando as condicións establecidas no proxecto sectorial respecto á altura máxima das edificacións permitidas. En especial, responde ás necesidades dunha actividade de fundición que se pretende implantar no parque, ocupando dúas parcelas baleiras de tipo B situadas ao oeste.

En canto ás posibles afeccións ambientais, non se detectan novos efectos en canto á ocupación de solo ou a demanda de recursos con respecto as condicións vixentes, xa que a proposta non modifica a ocupación nin a edificabilidade do sector. No entanto, o incremento de 5 m na altura máxima das novas edificacións podería afectar á calidade paisaxística da contorna e aumentar a visibilidade das actividades industriais desde o exterior do parque. En especial no caso das parcelas tipo A, xa que suporía un impacto sobre o lindeiro Pazo do Santo Antonio. Ademais da afección visual sobre este ben patrimonial, podería incrementarse a presión urbanística no seu entorno inmediato.

Á vista do exposto, considérase que os efectos derivados da modificación do proxecto sectorial achegada non serán significativos, se ben para evitar novas afeccións sobre o patrimonio cultural e na paisaxe, terase en conta a determinación que se establece neste informe.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación do Proxecto sectorial do parque empresarial do Pousadoiro en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.

No entanto, para favorecer a sustentabilidade ambiental da proposta, establécese a seguinte **determinación**:

- Debe valorarse restrinxir o incremento da altura máxima das edificacións (16 m) unicamente ás parcelas de tipo B, mantendo a altura vixente no resto do ámbito, co fin de evitar un incremento da presión urbanística na contorna do Pazo do Santo Antonio e manter unha proporción adecuada entre a dimensión das parcelas sen ocupar e os volumes da edificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas





RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación do Proxecto sectorial do parque empresarial do Pousadoiro, en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)***. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrase a determinación que se indica na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal>); remitirase ao promotor e ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do expediente.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a modificación do proxecto sectorial no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación do proxecto sectorial.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Cruz Ferreira Costa
Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

